



Decreto: 650

Data decreto: 31/08/2018.

Descrición decreto: Desestimento do proceso selectivo: 1 brigada de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais (integrada por 1 capataz, 1 peón condutor e 3 peóns),

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA – PRESIDENCIA

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confire a Lei 7/19875, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto que mediante o decreto da Alcaldía núm. 547/2018, do 20 de xullo, se aprobou a convocatoria e as bases para a contratación laboral de duración determinada de un capataz, un peón condutor e tres peóns da brigada de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais, (en relación ao convenio único de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural o Concello de Porto do Son para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e a addenda a dito convenio pola que se incrementa na anualidade 2018 mediante a contratación de 1 brigada extra, de 5 operarios, para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa contra incendios forestais), fixando un prazo de 5 días hábiles para a presentación de solicitudes de participación no procedemento selectivo, a contar desde a súa publicación nun xornal de gran tiraxe e no taboleiro de anuncios do concello, e se determinaban os requisitos que habían de reunir os aspirantes.

Visto que mediante o decreto da Alcaldía núm. 583, do 2 de agosto, se aprobou a listaxe provisional de admitidos e excluídos, outorgando aos aspirantes excluídos provisionalmente un prazo de dous (2) días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación da listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, para que poidan emendar os erros que motivaron a súa exclusión.

Visto que mediante o decreto da Alcaldía núm. 596, do 8 de agosto, se aprobou a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, convocando aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio: proba práctica e a proba de coñecemento da lingua galega, que tivo lugar o día 10 de agosto de 2018. Unha vez realizadas ditas probas, e vista a renuncia presentada polo aspirante a ocupar a praza de capataz, en data 10/08/2018, rexistro de entrada núm. 4841, procedese mediante o decreto da Alcaldía núm. 610, do 14 de agosto de 2018, a aprobación das bases de selección de persoal laboral temporal: 1 capataz da brigada de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais, concedéndose as persoas interesadas un prazo de tres días hábiles dende o seguinte ao da publicación do anuncio no xornal, para a presentación de solicitudes. Posteriormente mediante o decreto da Alcaldía núm. 626, do 22 de agosto de 2018, se aprobou a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que ao non existir aspirantes excluídos, esta listaxe adquire carácter definitivo, convocando aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio: proba práctica e a proba de coñecemento da lingua galega, que tivo lugar o día 23 de agosto de 2018.

Unha vez realizado o proceso selectivo en data 23 de agosto de 2018, e tal e como se recolle no na base 5ª, se convoca aos aspirantes que superaron a proba práctica e a proba de lingua galega, para a realización do recoñecemento médico e proba de esforzo físico eliminatoria que tivo lugar en data 24 de agosto de 2018, posteriormente dende a empresa de prevención encargada da realización destas probas eliminatorias, comunicanos que dous aspirantes non son aptos para o traballo a realizar, (segundo a recomendación técnica sobre procedementos para a selección de persoal para a extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente), non existindo máis candidatos que presentaran a súa solicitude neste proceso selectivo.

Fixado no taboleiro de edictos
o día 03 de Setembras de 2018
Retirado
o día de de 20.....
O/A Funcionario/a
CONCELLO DE
PORTO DO SON



Vista a cláusula décima do convenio único de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Porto do Son para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020), no que se indica "O comezo de operatividade dos medios será entre os días 1 e 31 de xullo. Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente nun máximo de 31 días naturais, o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio", co cal non existe tempo material para proceder cun novo proceso selectivo e non existindo máis candidatos que presentaran a súa solicitude neste proceso selectivo.

Á vista dos antecedentes expostos

RESOLVE:

PRIMEIRO: Desistir do procedemento selectivo para a cobertura como persoal laboral temporal de: 1 brigada de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais (integrada por 1 capataz, 1 peón condutor e 3 peóns), polos motivos expostos na parte expositiva desta Resolución, e en consecuencia non proceder á contratación dos aspirantes seleccionados e declarados aptos, declarando terminado o procedemento administrativo e procedendo ao seu arquivo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, co réxime de recursos aplicable.

TERCEIRO: Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios e na web municipal.

Porto do Son, a 31 de agosto de 2018.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. José Luis Oujo Pouso

O Secretario, que dou fe.

Asdo. José Manuel González García.